

Bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego *CULLEREDO ACTIVO II*

Bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego *CULLEREDO ACTIVO II* co obxecto de que as empresas relacionadas cos sectores produtivos de Carpintería e Construción que estean interesadas en contratar traballadores/as formados no Obradoiro de Emprego , poidan solicitar os devanditos incentivos á contratación:

Base 1ª.- Disposición xeral

1.1. A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego *CULLEREDO ACTIVO II* do Concello de Culleredo ten por obxecto incentivar a contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A).

1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.3 A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000, 00 euros con cargo, á aplicación orzamentaria 24133-47000

Base 2ª. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes no **Obradoiro Dual de Emprego *CULLEREDO ACTIVO II*** promovido polo Concello de Culleredo e financiado a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2.2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán que cumprir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse con carácter xeral, nos quince días seguintes ao peche do obradoiro, podendo ampliarse o prazo, polas peculiaridades de produción do sector empresarial que ten que contratar, ata o 31 de xaneiro de 2025.

Estas axudas están amparadas no réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento da UE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L32, do 24 de decembro de 2013)

2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

2.4. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación en función do criterio da orde de entrada das súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Culleredo.

Base 3ª Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:

a) As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida nos talleres duais de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear a unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndalle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

b) Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados á:

- Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)
- Operacións Básicas de Revestimentos Lixeiros e Técnicos en Construción (EOCJ0311)
- Pintura e materiais de imprimación e protectores en construción (MF0873_1)

c) Para a contratación do alumnado traballador de ambas especialidades, as entidades beneficiarias estarán obrigadas a proporcionar á persoa traballadora un traballo efectivo relacionado co perfil profesional do título da formación do certificado de profesionalidade, aínda que a súa actividade económica non estea directamente relacionada coa formación recibida.

3.2 Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as accións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/, do 2 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

3.4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis e bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5 /2000, do 4 de agosto.

3.5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Culleredo, que serán comprobadas de oficio.

3.6. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiarios realizarase mediante declaración responsable, segundo modelo anexo III.

Base 4ª. Contía dos incentivos.

4.1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500 €** por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de **3 meses a xornada completa**.

4.2. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións a Seguridade Social.

4.3. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención (custo salarial das mensualidades obxecto de subvención máis os custes da Seguridade Social)

Base 5ª. Exclusiones.

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

5.1. As relacións laborais de carácter especial prevista no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 272015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos

traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

5.2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

5.3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Base 6ª. Solicitudes, documentación e prazos.

6.1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no **prazo dun mes** para contar desde o día seguinte á publicación da convocatoria. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

6.2. As solicitudes de axudas presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Culleredo (<https://www.culleredo.es>).

6.3. Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, deberán ser realizados electrónicamente.

6.4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen obstea a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como anexo I a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIE da entidade.
- b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- c) Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente.
- d) Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo dos anexos II e III.
 - Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións

na orde social.

- Declaración responsable de posuír a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- Certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e autorización para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Culleredo.

e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.

f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do anexo IV.

g) Certificado de conta bancaria.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao/á interesado/a para que enmende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 7ª. Autorizacións

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Culleredo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Culleredo.

Base 8ª. Competencia, resolución e recursos.

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos do Servizo Municipal de Formación e Emprego previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

8.1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude na sede electrónica do Concello de Culleredo para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia

8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade. Transcorrido este prazo,

sen que se produza manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada.

8.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 9ª. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

9.1. O procedemento de tramitación das axudas recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

9.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos do Servizo Municipal de Formación e Emprego que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

9.3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 10ª. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 11ª. Xustificación e pagamento

11.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 1 mes dende o remate da contratación subvencionada por parte da entidade

ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

- a) Xustificación, declaración de cumprimento das bases da convocatoria e solicitude de pagamento segundo o modelo do anexo V.
- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo IV.
- c) Copia dos contratos de traballo obxecto da subvención e alta e baixa na seguridade social (si o traballador/a segue prestando servizos na empresa pasados os tres meses, certificado da empresa nese sentido).
- d) Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.

11.2. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

11.3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Culleredo ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

11.4. Logo da resolución de concesión, o Alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa beneficiaria sinalada.

Base 12ª. Obrigas das entidades beneficiarias.

12.1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro Dual de emprego *CULLEREDO ACTIVO II*

12.2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período obxecto de subvención (3 meses de alta na Seguridade Social) a xornada completa.

- No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Culleredo, no prazo de sete días naturais dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non foran contratadas previamente.
- Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou restepara o remate do período estipulado inicialmente.

- En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de Emprego "CULLEREDO ACTIVO II".
- No caso de que o Concello de Culleredo non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.
- De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dendeo remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Culleredo esta nova contratación, acreditando:
 - O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
 - Baixa da persoa contratada inicialmente.
 - Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
 - Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.

12.3. Xustificar ante o Concello de Culleredo o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Culleredo. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.

12.4 Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.

12.5. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

12.6. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

12.7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.

12.8. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Culleredo de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para facilitar o cumprimento desta obriga o Concello de Culleredo facilitará o modelo de cartel a colocar no lugar de traballo.

Base 13ª. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

13.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial

das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, de 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

13.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a entidade non proceda a substituíla.

Base 14ª. Devolución voluntaria da subvención.

14.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Culleredo, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

14.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 15ª: Seguemento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Culleredo, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na décimo segunda, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaranlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 16ª: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Base 17ª. Criterios de valoración

No caso de presentarse mais empresas que incentivos á contratación, teranse en conta os seguinte criterios de valoración para o desempate:

- a) Maior ratio de traballadores/as fixos/as por traballadores/as totais: 2,5 puntos.
- b) Maior ratio de mulleres contratadas por traballadores totais: 2,5 puntos
- c) Maior número de persoas contratadas con diversidade funcional: 2,5 puntos
- d) Posuír certificado de xestión ambiental en ISO 14001: 2,5 puntos

A igualdade de puntuación, celebrarase un sorteo público, no que a data de celebración e o lugar

será publicado na páxina web do Concello, <https://www.culleredo.es>.”

Acordar a apertura dun período de inscrición dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.”